

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A FEDERACIÓN GALEGA DE BANDAS DE MÚSICA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DA MÚSICA BANDÍSTICA EN 2019**COMPARECEN**

Dunha banda, **Jacobo Sutil Nesta**, na súa calidade de director da **Axencia Galega das Industrias Culturais** (no sucesivo Agadic), con CIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais e o Decreto 150/2012, de 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude da resolución do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicada no Diario Oficial de Galicia o 29 de agosto de 2012).

E doutra, **Iván Estévez Sabucedo**, na súa calidade de presidente da **Federación Galega de Bandas de Música Populares** (en adiante Federación), con CIF V-15110893, con sede en Rúa Salvadas, nº 2 A, Parque Vista Alegre, 15705 Santiago de Compostela, con poderes suficientes para a celebración deste acto en virtude do establecido na documentación achegada.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- A **Axencia Galega das Industrias Culturais**, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión, segundo establece o artigo 1.2 da citada Lei.

O obxecto da Axencia é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b) da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Pola súa banda, a **Federación Galega de Bandas de Música** é, segundo os seus estatutos, unha entidade sen ánimo de lucro que vén desenvolvendo un labor continuo de promoción da cultura galega a través do fomento da música de bandas, e que ten como fins principais, entre outros, programar as accións necesarias para promoción e difusión da música bandística, actuando como centro para o desenvolvemento e administración de información, promoción educativa e divulgativa da labor das bandas, así como de organización de cursos, festivais, certames ou intercambios entre bandas de características similares.



SEGUNDO.- Que un dos eixos fundamentais sobre os que se vertebra a actividade da Agadic é a música, ámbito no que o organismo considera esencial o investimento tanto económico coma organizativo, e non só dende o punto de vista profesional senón tamén na promoción cultural do eido afeccionado. E dentro da música é a bandística a que goza dunha profunda raigame na nosa comunidade, con máis de cen anos xa de existencia das bandas de música, cunha identidade musical propia, creadoras dun repertorio orixinal que cómpre dar a coñecer e preservar á vez que seguir enriquecéndoo con novos compositores e músicos.

A Agadic e a Federación consideran esencial o establecemento de accións conxuntas durante 2019 que profundicen na promoción e potenciación da música de banda en Galicia, como un sector clave da música galega no eido afeccionado que cómpre preservar e promocionar.

TERCEIRO.- Que a Federación é a entidade máis representativa do ámbito bandístico a nivel galego ao ter un elevado número de formacións e instrumentistas federados das catro provincias galegas, e nese labor continuo que realiza a prol da difusión e promoción da música de banda destacan de maneira relevante dúas iniciativas: o Concurso Galego de Composición, co que pretende enriquecer o patrimonio cultural galego no intento de cubrir a escasez de repertorio musical galego para bandas de música; e o Certame Galego de Bandas de Música, evento xa consolidado na comunidade ao que concorren anualmente un gran número das bandas galegas máis representativas, xerando un gran movemento social, sobre todo das idades máis novas, unido pola afección por este tipo de música, que fai que nos días da clausura do certame, que adoita celebrarse a final de ano, preto de mil músicos enchan as instalacións do Auditorio de Galicia como testemuñas do progreso musical de Galicia.

A súa actividade continua ao longo dos anos resulta decisiva para a expansión da cultura musical bandística en Galicia, cun exitoso labor que ten o seu reflexo na calidade das programacións e nunha gran afluencia de público ás actividades desenvolvidas, e que xa en 2018 foi máis aló acadando por primeira vez carácter internacional ao abrir o Certame a bandas non procedentes de Galicia para que participasen en seccións con prazas libres dispoñibles.

CUARTO.- Que a Agadic considera de especial importancia establecer accións conxuntas coa Federación que permitan a participación no desenvolvemento destas iniciativas, coas que se pretende dar a coñecer o nivel dos músicos galegos e o traballo que realizan ao longo de todo o ano, así como aumentar o repertorio de música de banda de temática galega.

Polo anteriormente exposto, as partes acordan a sinatura deste convenio de colaboración, consonte coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é o desenvolvemento de actividades de promoción e difusión da música bandística a través da organización da XIII edición do Certame Galego de Bandas de Música, que se



desenvolverá ao longo do ano cos concertos de promoción en diferentes lugares de Galicia a cargo das bandas seleccionadas e que culminará os días 2 e 3 de novembro no Auditorio de Galicia, en Santiago de Compostela, coa clausura do certame, onde se darán a coñecer as bandas gañadoras nas diferentes seccións (primeira, segunda, terceira, xuvenil e infantil); e da XII edición do Concurso Galego de Composición, certame en función de diferentes categorías segundo o cadro de instrumentistas e o grao de dificultade, destinado a enriquecer o patrimonio musical galego que concita unha alta participación de compositores e que garante aos gañadores e finalistas a interpretación das súas composicións no Certame de Bandas de Música do ano seguinte, así como a edición das obras.

SEGUNDA.- DURACIÓN DO PROXECTO

O prazo previsto para o desenvolvemento e a realización do proxecto indicado estenderase dende a sinatura deste convenio ata o prazo máximo de vixencia nel establecido.

TERCEIRA.- RESPONSABILIDADE DO PROXECTO E OBRIGAS DAS PARTES

A organización e desenvolvemento das actividades obxecto do convenio serán realizadas pola Federación nun proceso de colaboración continua coa Agadic. A estes efectos, e no ámbito da comisión mixta de seguimento á que se refire a cláusula sexta deste convenio, ambas as entidades manterán reunións periódicas de coordinación, seguimento e control das actividades levadas a cabo nun proceso de colaboración mutua entre ambas.

Ambas entidades, a través dos seus representantes, asistirán a todos os actos públicos de presentación e difusión das actividades conveniadas, co obxecto de incidir nunha maior difusión e promoción do proxecto

Nas actividades derivadas do obxecto do convenio, tanto nos actos públicos coma no material de difusión que se elabore, as partes comprométese a facer mención expresa da mutua colaboración así como a empregar os logotipos de ambas as entidades. A Federación comprométese a utilizar en todo o material de difusión que realice ao abeiro deste convenio a **imaxe corporativa da Agadic e da Xunta de Galicia**, seguindo as normas respectivas en materia de identidade corporativa, así como aqueles logotipos que estean en vigor no momento da sinatura deste convenio. Da mesma maneira, en todos os actos de comunicación pública que se realicen débese facer constar expresamente a **colaboración da Agadic (Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia)**, no desenvolvemento das actividades conveniadas.

A Federación comprométese, ademais, a aplicar a achega económica prevista na cláusula sétima ás actividades obxecto do convenio e a realizar as actividades que lle son propias segundo o establecido na lexislación vixente.

CUARTA.-SEGUIMIENTO DO PROXECTO

A Agadic nomeará un responsable do seguimento das actividades contempladas neste convenio, que será, así mesmo, o encargado da recepción da documentación sobre a marcha do programa.



QUINTA.- PRESENTACIÓN DO PROXECTO

A Federación informará ao interlocutor designado pola Agadic periodicamente sobre a marcha das actividades realizadas ao longo do programa. O proxecto de actuacións e os informes responderán ao previsto no programa de actividades.

SEXTA.- ESTABLECEMENTO DUNHA COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMENTO

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta integrada por representantes de cada unha das entidades, á que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio.

Por parte da Agadic actuará como representante o director do organismo, ou persoa en quen delegue. Por parte da Federación actuará como responsable desta comisión o presidente da entidade, ou persoa que designe en substitución.

SÉTIMA.- FINANCIAMENTO E XUSTIFICACIÓN

Para a realización conxunta do programa de actividades conveniadas, a Agadic comprométese a achegar á Federación a cantidade de **90.000 (noventa mil) euros, impostos incluídos**, para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 11.A1.432.B.640.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2019.

Se por calquera circunstancia as actividades obxecto deste convenio non foran realizadas ou non se axustaran ao plan previsto, a Federación quedará obrigada á devolución das cantidades percibidas.

O pagamento por parte da Agadic efectuarase en tres fases:

- **50%** (45.000 euros) tras a sinatura do convenio, co obxecto de financiar as fases preparatorias das actividades conveniadas. Para iso, a entidade **debe facer entrega dun escrito acreditativo** de que xa se leva realizado tal porcentaxe de preparación do proxecto.
- **25%** (22.500 euros) durante o mes de **setembro**, co obxecto de seguir avanzando no financiamento das seguintes fases do proxecto. Para iso, a entidade **debe facer entrega dun informe explicativo** sobre o desenvolvemento e grao de execución do proxecto.
- **25%** (22.500 euros) unha vez rematadas as actividades, e levarase a cabo unha vez xustificado o orzamento total da actividade presentado no proxecto económico (**103.192,65 euros**), que debe facerse coa entrega, antes da data de remate de vixencia do convenio estipulada na cláusula décimo segunda, da seguinte documentación:

1. Memoria descriptiva das actividades desenvolvidas, con indicación das posibles modificacións con respecto ao proxecto inicial presentado para a firma do convenio e das súas causas e incidencias.

2. Relación clasificada dos gastos segundo as partidas especificadas na memoria económica presentada para a firma do convenio. Esta relación clasificada de gastos deberá conter con carácter xeral: identificación do acredor (denominación e NIF), nº de factura ou documento de valor probatorio,



concepto do gasto claramente expresado, importe, data de emisión, forma de pagamento (transferencia, etc.), data de pagamento e importe.

3. Memoria económica explicativa e aclaratoria dos gastos realizados para a realización das actividades: desviacións ou variacións económicas habidas con respecto ás partidas inicialmente presupostadas no proxecto económico presentado para a firma do convenio, que deben ser explicadas e motivadas convenientemente na memoria; en caso de gastos relativos a aloxamento, mantenza, viaxes, traslados..., de ser o caso, débese especificar nesta memoria a relación de persoas ás que se refiren os gastos e da súa relación coa actividade conveniada; e todas aquelas cuestións que se considere precisen explicación.

4. Xustificantes de gasto por importe da totalidade da actividade (103.192,65 euros), que deberán estar debidamente cubertos e farán referencia ás actividades obxecto do convenio detalladas no proxecto de actividades e proxecto económico presentados no momento da sinatura do convenio. Estes xustificantes de gasto deben vir acompañados **dos xustificantes bancarios dos pagamentos** (transferencia bancaria, certificación bancaria, extracto de pagamento, movementos de tarxeta de crédito, etc.).

Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por proveedor, **non supere os 300 euros**. Neste caso, o pagamento xustificárase mediante a factura asinada e selada polo proveedor en que figure a expresión "recibín en metálico".

Canto á forma de presentación, os xustificantes de gasto así como os seus xustificantes de pagamento deben entregarse clasificados segundo os apartados da relación clasificada de gastos presentada.

A documentación requirida na fase xustificativa presentárase electronicamente a través da sede electrónica da Xunta de Galicia accedendo á carpeta do cidadán <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

Para os efectos deste convenio, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade ao período de finalización da vixencia do convenio.

Non se considerarán xustificadas aqueles gastos que non cumpran o establecido nos parágrafos precedentes.

Se o gasto finalmente xustificado por parte da entidade fose menor ao custe da actividade presentado no proxecto económico para a firma do convenio **(103.192,65 euros)**, o importe da achega por parte da Agadic minorárase de xeito proporcional.

A totalidade do importe achegado pola Agadic está destinado a cubrir os custos das actividades conveniadas, segundo a memoria presentada, sen que haxa beneficio económico de ningún tipo por parte da Federación, e en ningún caso existirá ánimo de lucro xerado polas actividades desenvolvidas nin beneficio industrial ningún.

A Federación ten a obriga de someterse ás accións de comprobación que realice a Xunta de Galicia, así como prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao Consello de Contas de Galicia.

OITAVA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E OS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio serán de titularidade e uso común da Agadic e da Federación. A Agadic resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público. Os resultados deste programa de actividades



quedarán para futuras edicións e ambas as partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

Calquera que sexa o medio de difusión, ambas partes comprométense a facer mención expresa deste convenio. En calquera caso a Federación poderá facer uso dos coñecementos adquiridos durante a realización do programa en actividades propias da súa función.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

NOVENA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ENTIDADE

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Agadic, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMA.- TRANSPARENCIA

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a entidade acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA: MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESCISIÓN DO CONVENIO

As partes poderán denunciar ou modificar este convenio en calquera momento por acordo mutuo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas neste convenio por unha das partes facultará á outra para rescindir o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo. En tal caso as partes realizaranse entre elas os pagos e reintegros que procedan en relación cos gastos efectivamente executados pola entidade debidamente xustificadas como se recolle na cláusula sétima, ou aqueles compromisos firmes adquiridos con terceiros, debidamente acreditados.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura ata o **20 de decembro de 2019**.

DÉCIMO TERCEIRA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das



administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes manifestan que coñecen e comprenden a lexislación europea en materia de Protección de Datos de Carácter Persoal, á que se someten de forma expresa, comprometéndose a dar un uso debido aos datos de tal natureza que obteñan como consecuencia do desenvolvemento do presente convenio, no marco do disposto polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016.

Así mesmo, as partes responsabilizaranse de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco deste convenio se faga con absoluto respecto ao establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e na súa normativa de desenvolvemento.

As partes comprométense a tratar os datos de carácter persoal coa finalidade exclusiva de executar o convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non serán obxecto de ningún tratamento distinto aos previstos neste convenio.

As partes comprométense a que os datos de carácter persoal non se cederán a terceiros, salvo nos casos en que exista unha obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer, no seu caso, os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, oposición, limitación e portabilidade nos termos legais previstos, mediante a comunicación ao domicilio social da respectiva entidade.

As partes adoptarán as medidas adecuadas para limitar o acceso dos seus empregados aos datos persoais durante a vixencia deste convenio.

Os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos unha vez finalizada a vixencia do convenio e no momento en que, en cumprimento das condicións pactadas ou legalmente previstas, remate a relación entre ambas partes; sen prexuízo das excepcións que a normativa e/ou as decisións xudiciais puidesen establecer con respecto ao mantemento temporal mínimo de certos datos que pola súa natureza así se requira. O mesmo destino haberá de darse a calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

DÉCIMO QUINTA.- RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións e, así mesmo, polo disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

Segundo o previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público aínda que o



convenio está excluído do seu ámbito de aplicación, ao non previsto e de acordo co seu artigo 4 aplicaráselle os principios recollidos nela, co fin de resolver dúbidas e omisións que puidesen presentarse. Así mesmo, supletoriamente terase en conta o Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, pola que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e demais normativa aplicable e vixente na materia.

DÉCIMO SEXTA.- XURISDICIÓN

As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio.

No seu caso, as partes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento deste convenio á xurisdición contencioso-administrativa.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan na data que figura na marxe

w

POLA AGADIC

Jacobo Sutil Nesta

Director

(P.D. do Presidente do Consello Reitor
da Agadic, DOG 29/8/2012)

POLA FEDERACIÓN GALEGA DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES

Iván Estévez Sabucedo

Presidente da Federación Galega de Bandas
de Música Populares

